

1. CANTARES GALLEGOS

Fragmento do prólogo

"Á poesía gallega, toda música e vaguedade, toda queixas, suspiros e doces sonriñas (...) cumpríalle para ser cantada un espírito subríme e cristaiño, si así o podemos decir; unha inspiración fecunda como a vexetación que hermosea esta nosa privilexiada terra; e, sobre todo, un sentimento delicado e penetrante, pra dar a conocer tantas bellezas de primeiro orden, tanto fuxitivo raio de hermosura como se desprende de cada costume, de cada pensamento escapado a este pobo a quen moitos chaman estúpido e a quen quisais xuzguen insensíble, estraño á devina poesía. Mais naide ten menos que eu teño as grandes cualidades que son precisas pra levar a cabo obra tan difícil, anque naide tampouco se pudo achar animado dun máis bon deseo pra cantar as bellezas da nosa terra naquel dialecto soave e mimoso que queren facer bárbaro os que non saben que aventaxa ás demais linguas en dosura e armonía. Por esto, inda achándome débil en forzas e n'habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada só por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan dosemente resoaron nos meus oídos desde a cuna e que foran recollidos polo meu corazón como harencia propia, atrevínme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e como o noso dialecto dose e sonoro é tan apropiado como o primeiro pra toda clase de versificación".

1. Cales son, segundo Rosalía, as condicións ou virtudes que debe reunir un bo poeta?

2. Coída que ela reúne esas condicións?

3. Con que principais problemas se atopa á hora de pórse a redactar a súa obra?

4. - Con que obxectivos se escribiron os CG, segundo indica o texto?

2. FOLLAS NOVAS

Fragmento do prólogo: "Dúas palabras da autora"

"Creerán algúis que porque, como digo, tentei falar das cousas que se poden chamar homildes, é por que me esprico na nosa léngua. N'é por eso. As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra na nosa léngua, e pagar en certo modo o aprecio e cariño que os Cantares gallegos despertaron en algúns entusiastas. Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel estonces cousa nova, e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono, i o que é máis, aceptárono contentos, i eu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro i o último. N'era cousa de chamar ás xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado.

Alá van, pois, as Follas novas, que mellor se dirían vellas, porque o son, e últimas, porque pagada xa a deuda en que me parecía estar coa miña terra, difícil é que volva a escribir máis versos na lingua materna. Alá van en busca, non de triunfos, senón de perdós; non de alabanzas, senón de olvidos; non das predileccións de outros tempos, senón da beninidade que di dos maos libros: "¡Deixalos pasar!". Eis o que eu desexo: que o deixen pasar, como un rumor máis, como un perfume agreste que nos trai consigo algo daquela poesía que nacendo nas vastas soidades, nas campías sempre verdes da nosa terra e nas praias sempre hermosas dos nosos mares, vén directamente a buscar o natural agarimo nos corazóns que sufren e aman esta querida terra de Galicia."

1. Acusouse en repetidas ocasións a Rosalía de ser unha autora pouco ou nada consciente das circunstancias e utilidades da súa escrita. Ahas no texto algunha reflexión que sirva para desmentir esas acusacións?

2. Por que razóns empregou

Rosalía o galego para escribir esta obra?

3. - Por que razóns non vai empregar máis xa a lingua galega na súa obra?